



Circuito de carreiras

**Deputación
DA CORUÑA**

Anexo I: REGULAMENTO XII CARREIRA NOCTURNA CORRE POR FERROL

A XI Carreira Nocturna Corre por Ferrol, organizada polo Servizo de Deportes do Concello de Ferrol e co control técnico da Delegación en Ferrol da Federación Galega de Atletismo, terá lugar o sábado 13 de setembro a partir das **22:30 horas (carreira absoluta) e 21:30 horas carreiras de menores.**

A proba pertence o XI Circuito Provincial de Carreiras Populares organizado pola Deputación da Coruña.

A proba está suxeita ás seguintes normas:

- 1) A Saída e a chegada situaranse nas proximidades da Praza de armas.
- 2) O percorrido será de 5.000 metros aproximadamente, e discorrerá polo Concello de Ferrol para as categorías absolutas.
- 3) A proba discorrerá por un circuito de acordo co plano deseñado.
- 4) A organización contará coa colaboración da Policía Local, Protección Civil, persoal da concellería de Deportes e voluntarios, que regularan o tránsito o longo do percorrido.
- 5) Serán motivos de descualificacións os seguintes:
 - a) Prohíbese o acompañamento dos participantes e o uso de coches de apoio. O incumprimento desta norma implicará a inmediata descualificación dos corredores que a infrinxiran. Os únicos vehículos autorizados que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio a organización, que contarán con roupa apropiada e visible.
 - b) Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o recorrido) ata a súa entrada en meta.
 - c) Participar con un dorsal que corresponde a outro corredor

- d) Non realizar o percorrido da carreira completo.
 - e) Non pasar polos controis de carreira establecidos.
 - f) Non atender as indicacións dos membros da organización ou xuíces/zas.
 - g) Entrar fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.
 - h) Pretender participar na carreira sen terse inscrito previamente.
 - i) Aquela conduta que sexa estimada como antideportiva, sempre que non sexa motivo de expulsión do circuito.
 - j) Calquera outra de análoga natureza, que a xuízo da organización da carreira poida ser considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.
 - k) Ser reincidente nalgunha infracción de descualificación de carreira.
 - l) Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
 - m) Manter unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente en contra do espírito deportivo.
 - n) Calquera outra de análoga natureza, que a xuízo do Comité poidan ser consideradas como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria
 - o) Ningún/ha atleta federado/a poderá competir con outro club que non sexa o que figure na súa licenza correspondente. No caso de que se producise esta situación, o/a atleta será descualificado/a automaticamente
- 6) A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces, que establecerá os correspondentes controis ao longo do circuito.
- 7) O control de chegada pecharase **unha hora despois** de que entre en meta o primeiro clasificado. Cando un participante sobrepase o tempo previsto de peche de control (unha hora dende que entre o primeiro clasificado), será avisado pola organización e deberá subir ao coche oficial que pecha a carreira e abandonar a proba coa fin de non entorpecer o tráfico automobilístico e o desenvolvemento da propia actividade. No caso de continuar, farao baixo a súa responsabilidade, debendo cumprir as normas e sinais, e considerarse un usuario máis da vía, quedando eximida a

organización de toda responsabilidade do que puidese acontecer (Regulamento xeral de circulación R.D. 1428/2003).

- 8) As reclamacións relativas a clasificación faranse verbalmente antes dos 30 minutos posteriores de facerse publico o Xuíz Árbitro ou na secretaría da competición, sendo o Xuíz árbitro o encargado de resolvelas. Para todo o non previsto neste regulamento, resolverase conforme as normas da F.G.A ; R.F.E.A e a I.A.A.F por este orden.
- 9) A Organización ten subscrito un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil. De tódolos xeitos, **a Organización recomenda aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.**
- 10) Non se disporá de servizo de duchas.
- 11) **CATEGORÍAS:** Aplícanse as categorías recollidas nas Bases do XI Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación da Coruña.

CATEGORÍAS ABSOLUTAS. CARREIRA NOCTURNA. CORRE POR FERROL	
Sub 20:	Nacidos/as no ano 2006 e 2007
Sub 23:	Nacidos/as no ano 2003 – 2004 - 2005
Sénior	Nacidos/as no ano 2002 ata o 1991
Master 1	Nacidos/as en 1990 ata 1985
Master 2	Nacidos/as en 1984 ata 1975
Master 3	Nacidos/as en 1974 ata 1965
Master 4	Nacidos/as antes do ano 1965
Cadeira de rodas*	
Handbike*	
Invidentes*	
*Considéranse categorías non oficiais da F.G.A. e non participantes no XI Circuito de carreira populares da Deputación de A Coruña.	

CATEGORÍAS DE MENORES. CARREIRA NOCTURNA CORRE POR FERROL			
CATEGORÍA		HORARIO	DISTANCIA
Sub 18	Nacidos/as no 2008 - 2009	22:15	2,000 mts aprox
Sub 16	Nacidos/as no 2010 - 2011		
Sub 14	Nacidos/as no 2012 - 2013	22:00	900 mts aprox
Sub 12	Nacidos/as no 2014 - 2015		
Sub 10	Nacidos/as no 2016 - 2017	21:45	500 mts aprox
Sub 8*	Nacidos/as no 2018 - 2019	21:35	250 mts aprox
peques*	Nados/as no 2020 e anteriores	21:30	50 mts aprox
*Considéranse categorías non oficiais da F.G.A. e non participantes no X Circuito de carreira populares da Deputación de A Coruña.			

12) INSCRIPCIÓN E RETIRADA DE CHIPS E DORSAIS. As inscricións poderán efectuarse a partir do día **18 de agosto ata as 22:30 h do día 9 de setembro a través** da páxina web carreirasangalegas. Non se admitirá outra vía de inscrición que a sinalada anteriormente.

A inscrición é gratuíta e a organización establecerá os seguintes límites de inscricións

- 900 dorsais carreira absoluta
- 500 dorsais carreiras de menores

A retirada de chips e dorsais poderase efectuar ao longo **do venres 12 de setembro de 11:00 a 13:30 e de 16:30 a 20:30 horas no Pavillón polideportivo de A Malata así como o sábado 13 de setembro, dende as 17:30 ata as 22:00 horas** no posto habilitado na praza de Armas para tal fin.

13) PREMIOS. A organización premiará as tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría das absolutas e menores. A entrega de trofeos realizarase unha vez pechado o control de meta.

A organización poderá modificar este regulamento ou o circuito polo que discorrerá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.

Ao se inscribiren, todos os corredores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou a internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca

da súa actividade.


Todos os participantes no circuíto, polo simple feito de realizar a inscrición na carreira popular aceptan todas e cada unha das presentes regras e no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da organización do "XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña".

En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dun escrito ou correo electrónico dirixido a Concellería de Deportes do Concello de Ferrol, praza de Armas s/n, 15402 Ferrol, <deportes@ferrol.es>.

Coa inscrición na proba enténdense aceptadas todas as normas e demais consideracións reflectidas neste regulamento.

Percorrido Carreira absoluta
5000 mts
Saída 22:30 horas

Saída rúa Real, rúa Espartero, Avd Breogán, Estrada alta del puerto; rúa Baterías; Crta Porto Graña, F15; Muelle de curuxeiras; giro, muelle curuxeiras Crta Porto Graña, entrada en el Arsenal por puerta de la Cortina; saída do arsenal pola praza de Galicia; Irmandiños, rúa Carne, Rúa da Igrexa, rúa Arce, rúa Real e entrada en meta.



Percorrido Carreira Peques
50 mts aprox
Saída 21:30 horas

Rúa Real, entrada en meta.


Percorrido Carreira Sub 8
250 mts aprox
Saída 21:35 horas

Percorrido vermello. 250 mts aprox SAIDA, Real, Terra, praza de armas, Rubalcava,
Real, META




Percorrido Carreira sub 10
500 mts aprox
Saída 21:45 horas

Rúa Real; rúa Concepción arenal. Rúa magdalena , rua terra,
rua real e entrada en meta.



Saída 22:00 horas

Praza de Armas, rúa real; rúa Sanchez Barzcaitegui rúa dolores;
rúa mendez nuñez rúa Real; entrada a meta na praza de
Armas.



Percorrido Carreira sub 16 e sub 18

1000 mts

Saída: 22:15

Rúa Real ; Rua Espartero; C. De San Antonio; Rua San Francisco; Rua Espartero, Rua Real ; META

